

Aforro de batería

Un dos problemas recorrentes de moitos *smartphones* é o pouco que lles dura a batería. Seguro que vós tedes os vosos trucos para que vos dure máis, pero dende R, con este pequeno manual, queremosvos dar unha serie de recomendacións para aforrar no consumo da batería:

- **Bluetooth, WiFi, GPS:** desactívaos se non os estás a usar. Poderedes desactivar estas opcións dende o menú de axustes do móbil.



Dependendo do modelo de teléfono que teñades, os menús do móbil poden variar un chisco.

Tes outras versións de android na web axudamovil.mundo-r.com

- **Cobertura:** cando vos atopedes nunha situación na que a cobertura é escasa ou vén e vai (por exemplo nunha viaxe en tren pasando por túneles), é preferible que apaguedes o teléfono ou o poñades en "modo avión". Nestas situacións, o terminal estará a buscar cobertura constantemente e a batería verase afectada.



- **Pantalla:** canto máis iluminada, máis batería consumirá. Configurade nos axustes de pantalla un brillo menor. Tamén podedes configurar o tempo que tarda en apagarse automaticamente a pantalla unha vez deixamos de usalo. Como é lóxico, canto máis tempo estea a pantalla iluminada, máis consumo haberá.



- **Notificacións:** ter sincronizado permanentemente o correo, as aplicacións das redes sociais, etc., aumentan o consumo da batería. Indicade sempre que poidades un tempo de sincronización. Por exemplo, se tedes dúas contas de correo configuradas (*unha do traballo e outra persoal*), quizais unha boa opción sería ter sincronizado o correo da empresa de xeito permanente e a vosa conta persoal cada certo tempo.

Dentro dos axustes de cada aplicación poderedes ver as distintas opcións de sincronización.



- **Widgets:** ollo tamén con eles. Cousas como ter a predición do tempo constantemente actualizada en plena pantalla tamén consume batería. Podedes substituír o widget por un acceso directo á vosa app metereolóxica favorita e consultar a predición cando o precisedes.

